



BASES DE SELECCIÓN PARA O CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN DO CONCELLO DE CEDEIRA

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no campamento municipal de verán do Concello de Cedeira, que se desenvolverá durante os meses de xullo e agosto para os/as menores nados entre os anos 2011 e 2018, ambos incluídos.

Este campamento de verán ten a finalidade de facilitar unha alternativa de ocio para as nenas e nenos promovendo así a conciliación familiar durante os meses de vacacións estivais. As actividades que se desenvolverán terán carácter lúdico: xogos, manualidades, obradoiros de refugallo, actividades deportivas, etc.

Artigo 2. Persoas destinatarias

O campamento urbano de verán está destinado a nenos e nenas nados entre os anos 2011 e 2018, ambos incluídos.

Artigo 3. Lugar e período de realización

O campamento desenvolverase no CEIP Nicolás del Río dende o día 1 de xullo ata o 31 de agosto, exceptuando festivos. O horario será de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Artigo 4. Número de prazas ofertadas

- a) O campamento urbano de verán oferta 40 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión.
- b) Resérvanse 5 prazas para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33%, cando estes teñan capacidade de integración nun grupo e as súas necesidades especiais lles permitan beneficiarse e participar nas actividades que se van desenvolver. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.
- c) No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, as persoas que se atopen en lista de agarda pasarán a ocupar esas prazas.

Artigo 5. Prazo de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días hábiles a contar a partires do día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios dixital.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou titor legal do menor e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos no artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuaran quedando prazas sen cubrir, calquera interesado que cumpra co requisito relativo aos anos de nacemento e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas actividades de campamento.





Neste último caso, a admisión se realizará atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas.

As admisións extemporáneas, é dicir, fóra do prazo de presentación inicial, se comunicarán á empresa encargada da prestación do servizo de campamento mediante comunicación escrita asinada pola Concellería da Área de Turismo ou, de non resultar posible esta, por correo electrónico do que se deixará constancia no expediente de selección de participantes. A empresa encargada debe verificar que todos os admitidos figuren na listaxe correspondente ou, neste último caso, que contan con comunicación do concello ao efecto.

No caso dos solicitantes, se considerarán efectuadas as comunicacións de admisións que se realicen tanto por teléfono como por correo electrónico, en función dos datos de contacto que estes poñan a disposición do Concello.

Artigo 6. Requisitos de participación

- a) Os/as participantes no campamento deberán ter nacido entre os anos 2011 e 2018, ámbolos dous incluídos.
- b) Terán preferencia os/as menores empadroados no concello de Cedeira.
- c) No caso de que, atendidas as solicitudes que cumpran o requisito anterior, quedaran prazas vacantes, terán preferencia os/as menores cuxos pais, titores ou representantes legais cos que convivan e teñan a obriga do seu coidado, traballen no termo municipal do concello de Cedeira e así o acrediten
- d) Atendidos os dous criterios anteriores que terán preferencia, se persiste a existencia de prazas vacantes, queda aberta a participación ás actividades do campamento a calquera que presente solicitude e cumpra os requisitos das presentes bases.

Artigo 7. Criterios de selección

- a) Respectando as preferencias a que fan referencia as letras b) e c) do artigo 6, en primeiro lugar seleccionárase aos nenos e nenas daquelas unidades familiares nas que ambos proxenitores, teñan vixente unha relación laboral en horario de mañá acreditando esa circunstancia no prazo de presentación de instancias ou estean realizando un curso do plan de formación en horario de mañá impartido dentro da formación para persoas desempregadas das diferentes administracións públicas. No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor .
- b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes a selección farase por sorteo, sempre respectando as preferencias anteriores, isto é: da totalidade de participantes que sexan menores empadroados en Cedeira en primeiro lugar e só de quedar prazas vacantes, os menores de proxenitores que traballen en Cedeira.
- c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptados estes criterios, os restantes participantes no campamento seleccionáranse por sorteo.
- d) Unha vez cubertas o máximo de prazas ofertadas o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda. O sorteo determinará a orde dos aspirantes na lista de agarda; excepto aquelas que se presenten fóra do prazo de





presentación de solicitudes por quedar prazas vacantes. Neste último suposto, a orde da lista de agarda quedará determinada pola data de presentación, e no caso de coincidir varias solicitudes nun mesmo día, por sorteo.

e) Perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar. A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

Artigo 8. Solicitude e documentación a presentar.

- a) Solicitude de participación no campamento, que figura como ANEXO I a estas bases.
- b) Fotocopia do DNI do/a menor.
- c) Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- d) Fotocopia do DNI do pai/nai/titor legal que asine a solicitude de campamentos.
- e) Fotocopia do libro de Familia.
- f) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo.
- g) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- h) No caso de que se alegue a circunstancia a que se refire o artigo 6 apartado c), deberán achegar certificado ou informe do empregador acreditativo de que, polo menos un dos proxenitores que ten a obriga do seu coidado, está traballando en Cedeira. Poderase substituír o certificado por unha declaración responsable sobre as anteriores circunstancias.
- i) No caso de que se alegue a circunstancia a que se refire o artigo 7 a), deberán achegar declaración responsable acreditativa na que se indique o horario laboral ou do plan de formación de ambos proxenitores.

A comprobación do empadramento no Concello de Cedeira farase de oficio polos servizos encargados do concello, excepto que non se autorice ésta, en cuxo caso deberá acompañarse á solicitude.

Artigo 9. Tramitación de solicitudes

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase pola AEDL e a Concelleira/o na que delegue o Alcalde.

Artigo 10. Listado de aspirantes admitidos e excluídos

- a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos, indicando o motivo da exclusión.
- b) Este listado publicarase no taboleiro de anuncios dixital e se concederá un prazo de 5 días hábiles para subsanación ou presentación de alegacións.
- c) Transcorrido o prazo anterior, resolverase a listaxe definitiva de admitidos e publicarase do mesmo xeito

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Artigo 11. Prezo público.

En aplicación do artigo 3 do Texto Regulador do prezo público pola prestación do servizo de campamento urbano do concello de Cedeira, publicado no BOP nº 102 de 7 de xullo de 2020, os importes a satisfacer por este concepto serían os seguintes:

Mes	Período	Contía
Xullo	Quincena	40 €
Xullo	Mes	60 €
Agosto	Quincena	40 €
Agosto	Mes	60 €
Xullo e agosto	Dous meses	100 €

Non se prorratearán as contías por importes inferiores á quincena.





ANEXO 1

CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN DE CEDEIRA
FICHA DE INSCRIPCIÓN
VÉRAN 2023

DATOS DO/A MENOR	
NOME	
APELIDOS	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/TITORA	
NOME	
APELIDOS	
DNI	
TELÉFONO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	

OUTROS DATOS			
Ten necesidades educativas especiais: <i>En caso afirmativo indicar cales</i>	SI	<input type="checkbox"/>	NO <input type="checkbox"/>
Ten algunha intolerancia alimentaria ou alerxia: <i>En caso afirmativo indicar cales</i>	SI	<input type="checkbox"/>	NO <input type="checkbox"/>

COMPROBACIÓN DE DATOS
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos
<input type="checkbox"/> Datos do padrón da persoa solicitante
<input type="checkbox"/> Opóñome á consulta

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

- Fotocopia do/a menor
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal que asine a solicitude
- Fotocopia do libro de familia
- No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- No caso de separación/divorcio entre as persoas proxenitoras, copia da mesma para acreditar réxime de custodia
- Vida laboral dos pais/nais ou titores/titoras legais, certificado de realización do curso de formación emitido pola entidade pública impartidora ou declaracións responsable.
- Certificado ou informe de empregador acreditativo de que polo menos un dos proxenitores está traballando en Cedeira ou declaracións responsable.

Como representante legar do/a menor arriba indicado/a

SOLICITO a súa inscrición no Campamento Urbano de Verán de Cedeira.

Cedeira, de de 2023

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse á base de datos do que é titular o **Concello de Cedeira**, con enderezo en Rúa Real, 15. CP 15.350. Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co Campamento Urbano de verán.

Os datos dos participantes poderán aparecer no listados municipais nos taboleiros de anuncios e na web municipal.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

